



# **nAmorAndo 2017**

**Secundaria**

**Presentación de resultados**

## ÍNDICE

---

1. Resultados da intervención nas aulas	3
2. Conclusións	26

*Intervención realizada por Jone Ojeda (Psicóloga G-4682)*


## 1. RESULTADOS DA INTERVENCIÓN NAS AULAS

Participaron un total de 345 alumnos e alumnas distribuidxs en 14 aulas de 4 institutos da cidade: Xunqueira I (3 aulas), Xunqueira II (4 aulas), Sánchez Cantón (5 aulas), Luis Seoane (2 aulas)

A idade media do alumnado participatne foi de 15,6 anos.


### Distribución da participación na avaliación pre segundo IES

■ Xunqueira II 
 ■ Luis Seoane 
 ■ S. Cantón 
 ■ Xunqueira I



### Distribución da participación na avaliación pre segundo IES. Post


■ Xunqueira II 
 ■ Luis Seoane 
 ■ S. Cantón 
 ■ Xunqueira I



A participación do alumnado na avaliación foi dun 73% ao inicio do programa e dun 86% á finalización. A utilización do sistema de avaliación recollida a través de móbiles, foi efectiva, aínda que non tanto como houbéramos querido, debido á falta de datos móbiles por parte do alumnado e ao non contar con wifi aberta nos institutos. Na avaliación posterior o solvetamos pedindo aulas de informática, pero non foi posible nun aula, e noutra a metade da clase estaban de excursión.


### Distribución da participación na avaliación pre segundo sexo

■ Muller ■ Homes




### Distribución da participación na avaliación pre segundo sexo. Post

■ Muller ■ Homes




O índice de participación de mulleres é máis elevado (60%) na avaliación previa que na posterior (44%). Sen embargo a participación dos homes aumenta na avaliación posterior (de 40% a 56%)

### Nivel de estudos da nai e pai




### Nivel de estudos da nai e pai. Post



Vemos que os participantes pertencen a familias cuxos pais teñen un nivel de estudos algo menor que as nais.


### Porcentaxe de participantes que tiveron, teñen ou non tiveron parella

- Teño parella agora
- Non teño parella agora, pero sí tiven
- Non teño nin tiven parella




### Porcentaxe de participantes que tiveron, teñen ou non tiveron parella. Post

- Teño parella agora
- Non teño parella agora, pero sí tiven
- Non teño nin tiven parella




Máis da metade do alumnado xa tiveron ou teñen relacións de parella.

## Ideas sobre o amor e as relacións de parella



## Ideas sobre o amor e as relacións de parella. Post






As ideas sobre o amor e ás relacións de parella perpetúanse a través de mitos, os máis relevantes ó inicio da intervención son (maior o igual a ún 25%):


- As persoas cambian por amor
- A outra persoa vaime a proporcionar a felicidade que necesito
- Nunha parella a outra persoa debe saber todo sobre min
- Non hai amor verdadeiro sen sufrimento

Trala intervención vemos como estes mitos redúcense moito no porcentaxe que as mostran como verdadeiras (estando todos salvo ún -as persoas cambian por amor- por debaixo do 21%)

### Diferenzas significativas segundo sexo das ideas sobre o amor e as relacións de parella



### Diferenzas significativas segundo sexo, das ideas sobre o amor e as relacións de parella. Post



Nesta ocasión quixemos comprobar se existían diferenzas estatisticamente significativas entre as rapazas e rapaces. A idea xeral é que son os homes os que teñen unha concepción máis errónea do amor, valorada dende o romanticismo. Así vemos que os homes consideran en maior medida que as mulleres, no momento previo a intervención que:

- O amor é suficiente para superar tódolos obstáculos
- Os polos opostos atraense e enténdense mellor
- O amor verdadeiro perdoa/aguanta todo
- Debo entregarme a outra persoa postergando as miñas necesidades


Cando rematamos a intervención podemos observar que ás diferenzas estatisticamente significativas desaparecen nos ítems sinalados ao principio, salvo nun deles: 'Debo entregarme a outra persoa postergando os meus intereses' no que vemos que os homes pensan en maior medida que é falsa, pero as mulleres o consideran isto falso en menor porcentaxe.

Por outra banda, vemos como aparecen outras diferenzas que non existían ao principio, entre homes e mulleres, de novo, sendo os homes os que en maior medida perpetúan mitos do amor romántico:

- As persoas cambian por amor
- Non hai amor verdadeiro sen sufrimento
- O amor verdadeiro perdoa/aguanta todo
- Só hai un amor verdadeiro na vida
- A outra persoa vaime a proporcionar a felicidade que necesito
- Teño que estar totalmente volcada/o en lograr a felicidade doutro
- Se non sinto celos na miña relación e que non estou namorada/o
- Se estás namorada/o non pode gustarte/atraerte outra persoa.


## Diferenzas significativas segundo tiveran parella, teñan ou non tiveran nunca, das ideas sobre o amor e as relacións de parella. Pre

% de persoas que responderon 'falso'



■ Agora non teño parella, pero si tiven	7	29,9	17,7	29,5	32,7
■ Agora teño parella	4	11,4	5,9	11,8	10,6
■ Non teño parella, nin tiven	10,2	23	19,7	27,9	29,9
■					

## Diferenzas significativas, segundo tiveran parella, teñan agora ou non tiveran nunca sobre o amor e as relacións de parella. Post




Podemos comprobar como en edicións anteriores, o alumnado con parella no momento de cubrir a avaliación presenta máis dificultades para identificar como falsas certas ideas sobre o amor e as relacións de parella baseadas no amor romántico. Sen embargo o alumnado que xa tivo parella, aínda que no momento da avaliación non a tivera e os e as que nunca tivo presenta resultados máis favorables. Tendo en conta esta premisa, os ítems con máis diferenzas significativas son:

- Se estás namorado/a, no pode gustar che nin sentirte atraída/o por outra persoa
- Só hai un amor verdadeiro na vida
- Teño que estar totalmente volcado/a en lograr a felicidade da outra persoa
- A outra persoa vaime a proporcionar a felicidade que necesito
- As persoas cambian por amor

Ao concluir a intervención desaparecen todas as diferenzas, salvo nun ítem, nas que permanecen, aínda que con cambios nunha maior identificación: 'As persoas cambian por amor'

## Valoración da violencia en parella. Pre


% de persoas que pensan así



■ Non é maltrato	45,7	18,1	3,9	2,4	1,2	2,4	3,1	0,4	1,2	4,3	4,7
■ Baixa	27,6	35	13,8	8,3	1,2	6,3	11	1,2	0,8	1,3	1,7
■ Media	15,7	28	32,3	18,5	9,8	20,9	24,4	7,5	9,1	2,3	4,4
■ Alta	7,5	12,2	33,1	33,1	40,6	35,4	26,4	27,6	17,7	13	10,8
■ É claramente maltrato	3,5	6,7	16,9	37,8	47,2	35	35	63,4	71,3	79	78,5
■											

## Valoración da violencia en parella. Post

% de persoas que pensan así




■ Non é maltrato	23,7	12,1	3,7	4,3	3,7	3,7	4,3	3	4	0,4	0,8
■ Baixa	21,3	15,2	8,7	3	2,3	6,7	6	1,3	2,7	0,4	0
■ Media	29,7	31,3	20,7	11,7	8,7	15,3	19,3	9,7	4,7	5,1	2,8
■ Alta	9,3	20,5	39,3	32,3	27	29	25,3	22,3	14,7	6,3	6,3
■ É claramente maltrato	16	20,9	27,7	48,7	58,3	45,3	45	63,7	73,9	89,8	90,2
■											




## Valoración da violencia en parella. Pre

% de persoas que pensan así



## Valoración da violencia en parella. Post

% de persoas que pensan así



A forma de valorar a violencia por parte do alumnado forma parte dun gradiente, na que non existe ningún ítem que sexa valorado ao 100% por todos os alumnos e alumnas como claramente maltrato. Os ítems máis valorados como maltrato (por riba dun 70%) son:

- Agredir físicamente
- Empurrar ou abofetear no transcurso dunha discusión
- Insultar, humillar e facer calar á outra persoa e npúblico ou privado
- Obligala/o a ter relacións sexuais sens apetecerlle a ela/él
- Zarandear habitualmente a outra persoa cando se discute

Os menos valorados ó inicio da intervención como maltrato son- con valores por debaixo do 17%-:

- Deixar de falar duratne días a túa parella porque fixo algo que non che gustara
- Deixar habitualmetne á outra persoa coa palabra na boca
- Non ter en conta as opinións ou desexos da outra persoa

Tras realizar a intervención tódolos ítems salvo dous (‘Dicirche cómo debes vestirse ou comportarte’ e presionar a parella para que abandone os estudos e o traballo ), melloran na percepción de maltrato (entre 2 e o 14%). Pero ningún é valorado ao 100% como claramente maltrato.... Os mellor identificados, por riba dun 90% son :


- Agredir físicamente
- Empurrar ou abofetear no transcurso dunha discusión
- Obligarlle a ter relacións sexuais sen apetecerlle a ela/él
- Insultar, humillar e facer calar a outra persoa en público ou en privado

Os menos valorados como claramente maltrato continúan a ser os citados na avaliación previa, pero agora xa todos con valores por riba do 16%.


## Diferenzas significativas segundo sexo da valoración da violencia en parella.

Pre

% de persoas que consideran que é claramente maltrato



## Diferenzas significativas segundo sexo da valoración da violencia en parella.Post



Cando analizamos as diferenzas existentes segundo o sexo das e dos participantes, vemos que son as mulleres as que mellor identifican as situacións de maltrato, salvo nun ítem no que os homes teñen maior puntuación, aínda que é moi baixa ('Deixar de falar duratne días a túa parella porque fixo algo que non che gustara'). As diferenzas atopadas no resto, son relativas aos ítems seguintes:

- Dicirche como debes vestirse, comportarte
- Agresividade ou dano no xogo amoroso e sexual
- Enfadarse se saes con amigas/os, quererte so para él /ela
- Comportarse de forma agresiva por unha cuestión que para ti non tiña importancia

Ó conluir a intervención, desaparecen as diferenzas atopadas inicialmente, salvo en dous ítems:


- Agresividade ou dano no xogo amoroso e sexual
- Enfadarse se saes con amigas/os, quererte so para él /ela

Pero aparecen novas diferenzas que fan distanciarse os homes e as mulleres da concepción de maltrato, tal como vemos na táboa anterior, as máis relevantes:

- Agresividade ou dano no xogo amoroso ou sexual
- Ridiculizar ou menospreciar teu aspecto físico
- Presionar a parella para que abandone os estudos e o traballo
- Comportarse de forma agresiva por unha cousa que para ti non tiña importancia


## Diferenzas significativas na percepción do maltrato, segundo tiveran parella, non teñan ou sí teñan. Pre

% de persoas que valora que é claramente maltrato



## Diferenzas significativas na percepción do maltrato, segundo tiveran parella, non teñan ou sí teñan. Post

% de persoas que pensan que é claramente maltrato



■ Facer sistematicamente cousas que se sabe moletan á parella



Volvemos a constatar como as persoas que nunca tiveron parella teñen máis facilidade para identificar as situacións de maltrato. Neste caso, tamén vemos como as persoas que teñen agora parella son as que peor identificación fan dos comportamentos violentos. Cando fixemos a avaliación previa, existían diferenzas nos seguintes ítems:

- Negar afecto e apoio como castigo
- Chamarte constantemente, é moi celoso
- Enfadarse se saes con amigos/as, quererte só para él/ela
- Controlar as túas pertencencias, chamadas de móvil, querer sabelo todo
- Agresividade ou dano no xogo amoroso ou sexual

Ao finalizar a intervención desaparecen estas diferenzas significativas, pero aparece outra no seguinte ítem:

- Facer sistemáticamente cousas que se sabe molestan á parella.

## 2. CONCLUSIÓNS

Podemos confirmar que o desenvolvemento do programa nesta época do ano, é moito máis efectivo, que no último trimestre. As sesións termináronse no tempo e forma sinalados dende o principio.

O cambio realizado na avaliación foi tamén efectivo, dado que a participación previa foi dun 73,65 e na intervención posterior dun 87%. Debemos aínda poder pulir máis a recollida de datos, para poder chegar ún 100% dos mesmos.

Durante as sesións houbo moito debate, cun nivel de participación máis activa das mulleres.

O programa continúa a ser unha entrada de novas persoas no Consello da Muller Nova, nesta ocasión decidiron sumarse 8 mulleres.

En canto os datos analizados podemos observar que

- O nivel de estudos das nais e pais dos e das participantes no programa é bastante similar, estando as mulleres un pouco por encima dos homes
- Máis da metade do alumnado xa tivo ou ten relacións de parella.
- O feito de que o número de homes fora maior na avaliación posterior e o de mulleres inferior consideramos que fixo que aumentaran as diferenzas significativas entre homes e mulleres, nalgúns aspectos.
- Trala intervención todas as ideas relacionadas co amor e as relacións de parella, con base en mitos románticos, melloran ,aínda que algunhas de forma moi leve.:
  - Un ano máis observamos como son os homes os que teñen unha percepción máis errónea do amor. As diferenzas existentes ao principio entre uns e outras desaparecen, salvo unha 'Debo entregarme a outra persoa postergando os meus intereses' , no que son as mulleres as que perciben este dato de forma máis errónea.

- Nesta ocasión, podemos percibir como trala intervención incrementáanse as diferenzas entre homes e mulleres, aínda que todxs melloran. Entendemos que as mulleres captan mellor a mensaxe e asumen maioritariamente unha idea do amor máis sá ou que se perpetúan as diferenzas polo número distinto de participantes de homes e mulleres na avaliación previa e posterior.
- Podemos comprobar como en edicións anteriores, o alumnado con parella no momento de cubrir a avaliación presenta máis dificultades para identificar como falsas certas ideas sobre o amor e as relacións de parella baseadas no amor romántico. Sen embargo o alumnado que xa tivo parella, aínda que no momento da avaliación non a tivera e os e as que nunca tiveron presentan resultados máis favorables. Estas diferenzas desaparecen trala intervención, salvo no ítem 'As persoas cambian por amor', aínda que nos tres grupos mellora moito a percepción.
- No relativo a valoración da violencia, existe dificultade para identificar comportamentos de violencia física ou psicolóxica como claramente maltrato. Costa moito asociar esta palabra a determinados comportamentos, que aínda hoxe continuamos a xustificar no eido das relacións de parella. Resúltalles máis fácil identificar o maltrato coa violencia física que coa psicolóxica. Trala intervención existen modificacións en todos os ítems menos en dous: 'Dicirche como debes vestirse, comportarte' 'Presionar a parella abandono de estudos e o traballo'. O xeito de ter máis participación de homes que de mulleres na avaliación postintervención, pudo reflexar unha valoración da violencia con respecto a eles, que a identifican dunha maneira diferente. No resto de ítems melloran a súa percepción entre un 2% e un 18%. Sen embargo, non termina de identificar ó 100% do alumnado ningún comportamento como claramente maltrato.
- De novo son as mulleres quen mellor identifican as situacións de maltrato. Ó término da intervención estas diferenzas son maiores entre homes e mulleres, mellorando ambos pero distanciándose máis a súa percepción. Valoramos dúas cuestións, que a mensaxe fora mellor recibida por estas últimas ou que o feito de ter unha participación maior de rapaces que de rapazas na avaliación posterior fixera que se distanciaran máis as puntuacións.
- O maltrato tamén é mellor identificado polo alumnado que non tivo parella nunca, en segundo lugar por aquelas persoas que sí tiveron aínda que non teñan no momento da valoración, e no último lugar por aquélx que sí teñen parella. Nesta ocasión as diferenzas iniciais desaparecen tendo en conta estes grupos, ao finalizar a intervención.



A vista dos datos, consideramos que podería ser interesante valorar a redución da idade na que intervir co alumnado, pretendendo que o menor número de rapaces e rapazas xa teña relacións de parella, pero que estean nunha idade na que poder interesarse por cuestións relativas ao amor.

Unha vez aberto o debate, sería interesante involucrar ao alumnado en actividades relacionadas coa igualdade de xénero, para continuar consolidando conceptos, e teñan a posibilidade de seguir rachando con mitos e valorando o maltrato dende a gravidade que lle corresponde a esta lacra social. Para isto, consideramos que a mellor fórmula é seguir creando material feito polo propio alumnado, onde os propios iguais formen parte desta nova forma de pensar e sentir.

Por outra banda, actividades como a plantexada polo Consello da Muller Nova: crear a Semana da Igualdade, onde a xente nova teña oportunidade de reflexionar e aprender divertíndose, consideramos que é tarefa imprescindible neste momento.

O programa comenza o sábado 25 de marzo, coa creación, por un grupo de alumnas e alumnos, que detallamos a continuación, dunha canción que permita rachar cos mitos do amor romántico e denunciar a violencia de xénero. Traballarán durante os meses de marzo a xullo na composición musical e a letra, baixo a dirección de Gonzalo Maceira. Será en outubro, cando se unan a esta iniciativa o alumnado de Primaria.

IES Xuquueira 2	Pablo Millán Sofía Lorenzo Adrián Sancho Lucía Villaverde Iria Gómez Diego Antón
IES Xunqueira 1	Carla Barros Helena Casalderrey M <sup>a</sup> Del Rosario Prados
IES Sánchez Cantón	Candela Vázquez Azahara Ceba Nerea Cernadas Carlota Blanco Jessica Barros
IES Luis Seoane	Nerea Queirós Lorena Santos